

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMATIVA DENOMINADA:

- Plan de inspección de actividades do Concello de Narón.

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciarase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

- Plan de inspección de actividades do Concello de Narón.

En cumprimento das prescricións establecidas na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades de Galicia, redactarase un Plan de Inspección municipal de actividades co obxectivo de determinar as actuacións prioritarias do Servizo de Urbanismo deste Concello no tocante á función inspectora das actividades sometidas a licenza, comunicación previa ou declaración responsable, coa finalidade de mellorar a calidade e eficiencia das funcións de inspección e comprobación que a normativa vixente encomenda ás Administracións locais